

reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. A dotación orzamentaria prevista no artigo 17 da Orde do 18 de abril de 2008, pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008 as axudas ao fomento en Galicia de sistema de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos (DOG nº 79, do 24 de abril), incrementábase con fondos provenientes dos orzamentos xerais do Estado, con cargo á nova aplicación orzamentaria 11.03.713-C.770.6, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, en 1.697.821 euros, para o ano 2008.

Unha vez efectuado este incremento, o importe total da dotación orzamentaria ascende a 1.717.821 euros.

2. A concesión da axuda estará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposición adicional

Única.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación das solicitudes de axuda na devandita Orde do 18 de abril de 2008.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 4 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2007-2013 e se convocan parcialmente para o exercicio orzamentario de 2009.

A Consellería do Medio Rural publicou con data do 14 de maio de 2007 a Orde do 4 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013 e se convocan as correspondentes ao ano 2007, modificada pola Orde do 28 de decembro de 2007. Estas axudas convocáronse amparadas no Regulamento (CE) 1698/2005 relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), así como, no caso de grandes empresas e de proxectos de empresas

Pemes e intermedias en que os produtos finais estean incluídos no anexo I do tratado, na normativa comunitaria sobre axudas de Estado.

A Unión Europea publicou recentemente o Regulamento (CE) 800/2008 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común e que representa unha modificación da normativa comunitaria sobre axudas de Estado, aplicable parcialmente a estas axudas, requirindo un desenvolvemento normativo previo á súa aplicación específica. Por outra parte, a experiencia adquirida na xestión destas axudas fai conveniente introducir algunhas modificacións que afectan o sistema de xestión e a tipoloxía e requisitos dos investimentos para ser subvencionables. Por todo iso, e ante a proximidade do inicio do exercicio orzamentario 2009, procede realizar a convocatoria correspondente a ese ano, pero excluindo temporalmente dela os proxectos afectados pola normativa comunitaria sobre axudas de Estado, para os cales necesario modificar previamente o marco legal existente.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa de aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é modificar a Orde do 4 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013, modificada pola Orde do 28 de decembro de 2007, e convocar parcialmente as correspondentes ao exercicio orzamentario do ano 2009. A concesión das axudas efectuarase mediante concorrencia competitiva.

SECCIÓN PRIMEIRA
MODIFICACIÓN DA ORDE DO 4 DE MAIO DE 2007

Artigo 2º

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde do 4 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013, modificada pola Orde do 28 de decembro de 2007:

Primeira.-*Modificación do punto 3º do artigo 2 da Orde do 4 de maio de 2007.*

O punto 3º do artigo 2 (Beneficiarios) da Orde do 4 de maio de 2007 quedará redactado como segue:

«3. As empresas beneficiarias clasificaranse nos grupos sinalados a seguir en función da normativa comunitaria aplicable e do financiamento utilizado:

a) Microempresas, pequenas e medianas empresas e empresas intermedias en que o produto final do

proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos estea incluído no anexo I do tratado. Neste caso as axudas procederán de fondos incluídos no PDR de Galicia 2007-2013, cofinanciados polo Feader, e a normativa comunitaria de aplicación será exclusivamente a que regula o Feader.

b) Microempresas, pequenas e medianas empresas e empresas intermedias en que o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do tratado. Neste caso as axudas procederán de fondos incluídos no PDR de Galicia 2007-2013, cofinanciados polo Feader, e a normativa comunitaria de aplicación será a que regula o Feader e a establecida pola Unión Europea para as axudas de Estado.

c) Grandes empresas: neste caso as axudas procederán de fondos propios da consellería e a normativa comunitaria de aplicación será a establecida pola Unión Europea para as axudas de Estado.

A Consellería do Medio Rural poderá facer convocatorias anuais de axudas independentes para cada un dos grupos de beneficiarios indicados neste punto».

Segunda.-Modificación do artigo 4º da Orde do 4 de maio de 2007.

Engádesse un punto 3º ao artigo 4 (Contía das axudas) da Orde do 4 de maio de 2007 co seguinte texto:

«3. Independentemente do sinalado no punto anterior, no caso de empresas lácteas que adquiren leite a terceiros e non teñan elas directamente ou os seus subministradores contratos homologados con produtores que amparen a maioría (máis do 50%) da produción adquirida, a porcentaxe máxima de axuda non superará o 25% cando o beneficiario sexa unha PEME, e o 10% cando sexa una empresa intermedia ou gran empresa».

Terceira.-Modificación do punto 5º do artigo 5 da Orde do 4 de maio de 2007.

O punto 5º do artigo 5 (Requisitos adicionais) da Orde do 4 de maio de 2007 quedará redactado como segue:

«5. No caso de proxectos en que os produtos finais dos procesos de transformación e/ou comercialización non estean incluídos no anexo I do tratado, e de proxectos de grandes empresas, o beneficiario deberá achegar unha contribución financeira exenta de calquera apoio público de como mínimo un 25% dos custos subvencionables, mediante recursos propios ou mediante financiamento externo. Con ese fin, na solicitude de axuda e na de pagamento o beneficiario deberá incluír unha declaración expresa sobre a orixe dos fondos utilizados para financiar os investimentos».

Cuarta.-Modificación do punto 5º da epígrafe A do anexo I da Orde do 4 de maio de 2007.

O punto 5º da epígrafe A do anexo I (Investimentos non auxiliares) da Orde do 4 de maio de 2007 quedará redactado como segue:

«5. No sector da alimentación animal, os investimentos en instalacións dedicadas á elaboración de produtos para animais de compañía e cría de peixes, así como en novas fábricas de pensos, salvo que se dediquen á elaboración de produtos ecolóxicos, ou que comporten o peche doutras instalacións existentes e activas no 1-1-2007 en Galicia dedicadas a esa actividade.

Independentemente do citado, no caso de fábricas ou liñas de elaboración de mesturas húmidas para alimentación de ruminantes, soamente serán subvencionables os investimentos desenvolvidos por cooperativas de produtores para os seus socios. Neste caso, porén, a subvención máxima que se concederá non superará o 40% do investimento subvencionable no caso de cooperativas que teñan unha sección específica para esta actividade e o 25% no resto dos casos».

SECCIÓN SEGUNDA
CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA 2009

Artigo 3º.-Convocatoria.

Convócanse parcialmente para o exercicio orzamentario 2009, as axudas reguladas pola Orde do 4 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013, modificada pola Orde do 28 de decembro de 2007, e coas modificacións introducidas no artigo segundo desta orde, para os beneficiarios sinalados no número 3º a) do artigo 2 da orde indicada que establece as bases reguladoras e que corresponde a empresas Pemes e intermedias en que os produtos finais dos proxectos que se desenvolver estean incluídos no anexo I do tratado.

Artigo 4º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder a estas axudas, o solicitante debe cumprir os seguintes requisitos:

-Ser unha microempresa ou unha empresa pequena, mediana ou intermedia.

-Presentar un proxecto de investimentos en que os produtos finais estean incluídos no anexo I do tratado.

-Cumprir os requisitos establecidos na Orde do 4 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013, modificada pola Orde do 28 de decembro de 2007, e coas modificacións introducidas no artigo segundo desta orde.

2. Estas axudas teñen por finalidade incentivar os investimentos en activos fixos materiais para a crea-

ción, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e comercialización de produtos agrarios, e os produtos finais estean incluídos son anexo I do tratado. A concesión das axudas efectuarase mediante concorrencia competitiva.

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes, documentación, procedemento de xestión e xustificación das axudas serán os establecidos con carácter xeral na Orde do 4 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013, modificada pola Orde do 28 de decembro de 2007, e coas modificacións introducidas no artigo segundo desta orde.

Artigo 6º.-*Prazo.*

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o 31 de xaneiro de 2009. Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, o solicitante terá un prazo adicional ata o 30 de abril de 2009 para presentar a preceptiva licenza de obras.

Artigo 7º.-*Execución.*

Os investimentos obxecto da axuda deberán ter unha execución mínima (investimento xustificado e pagado) na anualidade 2009 do 50% do total subvencionable. Cando o importe do investimento subvencionable sexa superior a dous millóns de euros, a porcentaxe de execución indicada reducirase á metade.

Porén, este requisito non será exixible cando a concesión da axuda sexa posterior ao 15 de setembro de 2009.

Artigo 8º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.741A.770.0 por un importe máximo de 22.500.000 € para a anualidade 2009, 15.000.000 de € para a anualidade 2010 e 3.000.000 de € para a anualidade 2011.

Estes importes poderanse incrementar con remanentes adicionais de acordo coas disponibilidades de crédito. En todo caso as concesións limitaranse ás disponibilidades orzamentarias.

Esta orde tramítase conforme o establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2009, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e en trámite parlamentario actualmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación normativa.*

Autorízase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que considere oportunas para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

**CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS**

Resolución do 25 de novembro de 2008, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se fai pública a relación de beneficiarios ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para estudos náutico e marítimo-pesqueiros para o curso académico 2007-2008.

De conformidade co disposto nas disposicións adicionais primeira e segunda da Orde do 27 de decembro de 2007, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para estudos náutico e marítimo-pesqueiros para o curso académico 2007-2008 (DOG nº 944, do 15 de xaneiro), esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar a lista definitiva de beneficiarios. Tal relación recóllese no anexo.

Segundo.-A finalidade destas subvencións é axudar ao alumnado que cursou estudos de formación náutico e marítimo-pesqueira nos centros dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos no curso académico 2007-2008.

Terceiro.-As axudas concedidas efectuáronse con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.422K.480.0 sobre un crédito total de 142.720 €.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2008.

Fátima Linares Cuerpo
Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento
Pesqueiro